



ANEXO ORGANIZATIVO E CALENDARIO PARA O CONFERENCIA CONGRESUAL EXTRAORDINARIA DA SSI DA ONCE DA FSC –CCOO DE GALICIA FSC

Reunida a Comisión Xestora da SSI da Once da FSC-CCOO de Galicia, elixida na reunión da Comisión Executiva da FSC de Galicia o día 9 de abril de 2018 e conformada por:

- Víctor Manuel Gómez Díaz
- Emilio Arias Rial
- Begoña Argerey Bargados
- Clara Martínez Álvarez
- José Cazón Lamas

Acordan aprobar o anexo organizativo que regulará o proceso da Conferencia Congressional Extraordinaria da SSI da Once en Galicia —logo da disolución da Executiva da SSI o pasado 20 de marzo de 2018—. Este anexo desenvolve as normas congressuais do XI Congreso Confederal aprobadas o 11 de xullo de 2016 e as normas congressuais do III Congreso da Federación de Servizos á Cidadanía, aprobadas polo Consello Federal o 7 de setembro de 2016. De acordo co establecido nas normas congressuais federais, o seus criterios básicos axustaranse tamén os congresos da estrutura sindical dependente da FSC de CCOO.

O presente anexo organizativo será de aplicación á Conferencia Congressional Extraordinaria da SSI da Once de Galicia que se celebrará o día 1 de abril de 2019.

ANEXO ORGANIZATIVO

O Congreso Extraordinario da SSI da Once de Galicia terá lugar o 1 de abril e réxese polas normas congressuais do XI Congreso Confederal aprobadas o 11 de xullo de 2016 e as do III Congreso da Federación de Servizos á Cidadanía, aprobadas polo Consello Federal o 7 de setembro de 2016, ademais de polo presente anexo.

O número de delegados e delegadas será de 11 en base á media de cotizacións dos últimos catro anos (2015-2018). Corresponderá elixir 10 delegadas/os dos once nas distintas comarcas , e 1 será nato, que corresponderá á Comisión Xestora da SSI da Once.

As 10 persoas delegadas e delegados elixiranse proporcionalmente por todas e cada unha delas.



DELEGADAS E DELEGADOS POR TERRITORIO SEGÚN AFILIACIÓN

COMARCAS	AFILIACION
CORUÑA	17
FERROL	4
SANTIAGO	11
LUGO	8
MARIÑA	1
OURENSE	4
PONTEVEDRA	8
VIGO	9
AROUSA	3
Total afiliadas/os	65

ASAMBLEAS A REALIZAR

COMARCAS	AFILIACION	%	COEFICIENTE	ENTEROS	RESTOS	DEL. RESTO	TOTAL	Mulleres	Homes
CORUÑA + FERROL	21	32,31	3,23	3	0,23		3	47,62	52,38
SANTIAGO	11	16,92	1,69	1	0,69	1	2	45,45	54,55
LUGO + MARIÑA + OURENSE	13	20	2	2	0,00		2	23,08	76,92
PONTEVEDRA + AROUSA	11	16,92	1,69	1	0,69	1	2	0,00	100
VIGO	9	13,85	1,38	1	0,38		1	11,11	88,89
Total	65	100	10	8			10	27,69	72,31
Nº delegados e delegadas a distribuir	10						10		
Delegado/a NATO/A	1						1		
Total delegados e delegadas								11	

Estes deberán realizar as súas asembleas congreguais dentro do calendario que recolle este anexo.

CRITERIOS GENERALES

Las asembleas congreguais, celebradas no marco de la Conferencia congregual de SSI Once de Galicia, rexeranse polas normas o III Congreso de la Federación de Servizos a Cidadanía de CCOO aprobadas polo



Consello Federal 7 de setembro de 2016.

No referente ó contido organizativo específico do ámbito propio da SSI aprobase o seguinte:

1º. – De acordo co establecido no artigo 27 dos Estatutos da CS de CCOO (E.C.) e 24 dos Estatutos da FSC (E.FSC) na Conferencia Congresual da SSI da Once en Galicia elixíranse as estruturas de dirección, conforme o disposto no artigo 11 dos E.C. e 10 dos E.FSC, así como nas Normas Confederais e Federais, tanto si se trata candidaturas únicas como se, reunindo os requisitos establecidos en dito artigo, se presentan diferentes candidaturas.

2º. – No desenvolvemento de CCOO como sindicato de homes e mulleres e para lograr a plena participación, compromiso e responsabilidade en todas as estruturas de dirección electas e nas delegacións que corresponde elixir nos congresos e conferencias, as candidaturas nas organizacións nas que a afiliación de mulleres sexa inferior o 30%, incorporarán como mínimo un número de mulleres proporcional ó mesmo número de afiliadas en dita organización incrementado nun 10%. En aquelas organizacións nas que a afiliación de mulleres sexa igual ou superior ó 30%, do total de afiliación, as candidaturas gardarán a proporción do 60/40% para cada un dos xéneros. As proporcións mencionadas deberán ser respectadas nas listas nos dous niveis: Titulares e suplentes.

Nas asembleas congresuais de primeiro nivel o número de homes e mulleres que integrarán as candidaturas para as delegacións a elixir, será proporcional á afiliación de cada xénero na circunscrición congresual correspondente. A ubicación nas listas de candidatas e candidatos se realizará do seguinte xeito:

a) Nas organizacións onde a afiliación de algún dos dous sexos sexa inferior ó 30% para os congresos e/ou asembleas, as candidaturas elaboraranse garantindo a alternancia entre homes e mulleres que nas mesmas se corresponda cos porcentaxes de afiliación de cada sexo

b) Nas organizacións onde a afiliación de algún dos dous sexos sexa igual ou superior ó 30% para os congresos e/ou asembleas, as candidaturas elaboraranse en cremalleira, desde a primeira posición ata onde o número de candidatos e candidatas o permita.

A tal efecto, as estruturas sindicais, incluídas as de centro de traballo, deberán dispoñer, no proceso electoral dos datos de afiliación (número e porcentaxe que representan sobre o total da afiliación) desagregadas por xénero e idade, publicándoos xunto o censo electoral

3º. Para potenciar a participación da afiliación máis xove, todas as asembleas congresuais e a conferencia procurarán que as candidaturas presentadas, tanto para elixir as delegacións como para ós seus órganos de dirección, conterán unha representación adecuada de este colectivo

4º. Entenderase que as candidaturas que se presenten nas diferentes asembleas congresuais ou na Conferencia, cumpren o requisito de constancia de aceptación indubitada – art.11 E.C. e art. 10 E.FSC, cando van coa sinatura orixinal e acompañada de fotocopia de DNI, NIE, carné de conducir ou pasaporte de cada compoñente das mesmas.

Modelo e prazo de presentación de candidaturas e proclamación.. As candidaturas se presentarán ante o colexio electoral no modelo que determinen as normas confederais (anexo IV da NC) 5 días antes polo menos da data sinalada para a votación.

Ó día seguinte proclamares ou non de forma provisional, notificándose ó presentador a proclamación ou a causa da non proclamación, dando un prazo para a subsanación.

Ó día seguinte poderase interpoñer reclamación ante a CINF, quen resolverá ó día seguinte, notificará e proclamará ou non a candidatura.

No caso de non haber reclamación se proclamará definitivamente.

Requisitos. As candidaturas deben reunir todos os requisitos establecidos nos estatutos e nas normas, que son as seguintes:



1. Ser afiliada/o e estar o corrente de pago na cota no momento da convocatoria da asemblea e/ou conferencia.
2. Antigüidade previa. Para poder presentarse á elección de delegadas/os á Conferencia Congressional extraordinaria, deberá contar con seis meses, polo menos, de antigüidade na afiliación no momento da convocatoria da asemblea.
3. Número de candidatas/os. A candidatura deberá conter para ser válida tantos candidatas/os como delegadas/os a elixir máis un 20% de suplentes.

5º. O orden do día, regulamente e censos de cada asemblea congressional deberán conter a forma concreta de desenvolvemento do seu proceso electoral.

Dito orden do día, regulamento, e censos de cada asemblea congressional enviarase á Comisión Executiva da SSI da ONCE da ONCE Estatal e a Secretaría de Organización da FSC de Galicia.

6º. As delegacións a elixir en cada asemblea congressional, establécense en base á afiliación que recibiu a organización que realiza a Conferencia, correspondente ó reconto establecido o 10 de xaneiro de 2019, existente no territorio con polo menos con unha antigüidade de un mes.

Establécese un prazo de 2 días para impugnar a distribución das delegadas e delegados ante a Comisión de Interpretación de Normas Congressuais e Resolución de Recursos (CINRR-FSC), residencia e presidida pola Secretaría Federal de Organización da FSC, será a encargada de atender en primeira e única instancia as reclamacións sobre calquera dos actos electorais realizados no desenrolo do proceso da Conferencia Congressional da SSI da Once de Galicia. resolverá as posibles reclamacións nun prazo de 2 días contados a partir do día seguinte á data na que se reciba a reclamación, e publicará a lista definitiva de delegados e delegadas que se deberá elixir. Estas resolucións poderán recorrerse ante a CIN Federal no prazo de dous días a partir da súa notificación.

CENSOS ELECTORAIS

Os **censos provisionais** pecharanse ó 16 de xaneiro e **poderán extraerse entre o 21 e 22 de xaneiro**, unha vez os emita e certifique a UAR Confederal.

Estarán baixo a custodia e responsabilidade da correspondente Secretaría da Xestora e poderá acceder a afiliación para comprobar que está debidamente incluída.

As **reclamacións** ao censo faranse dentro do período comprendido entre o 23 de xaneiro e o 8 de febreiro ante a CIN Federal (CINF).

A CNI resolverá as impugnacións antes do 12 de febreiro comunicando a resolución ó impugnante e a UAR dentro do mesmo prazo.

Todas as reclamacións ó CIN Federal (CNIF) se enviarán a:

- Comisión de Interpretación de Normas de la FSC de CC OO
C/ Fernández de la Hoz, 21 -1ª planta (Secretaría de Organización) 28012 Madrid.
- Correo electrónico: cinrr-fscsc.ccoo.es
- Os **censos definitivos** poderanse extraer **entre o 18 e o 22 de febreiro, sendo expostos hasta o 14 de marzo**



CALENDARIO:

- As asembleas comarcais ou agrupadas (nivel I) celebraranse entre os días 14 e 22 de marzo.
Nestas asembleas ou conferencias de nivel I elixiranse as delegadas e delegados que asistirán ao Conferencia Congresual de la SSI da Once de Galicia.
- As impugnacións realizaranse nos prazos establecidos nas normas congresuais da Federación de Servizos á Cidadanía e da Confederación Sindical de CCOO.
- Redactarase unha acta de cada proceso que se remitirá dous días despois de celebrada a asemblea congresual, á Comisión Xestora da SSI da Once de Galicia e a Secretaria de Organización da FSC de Galicia.
- Elixiranse, como mínimo, un 20% de delegadas e delegados suplentes, que só substituirán aos titulares previa renuncia destes por escrito explicando as razóns da súa non asistencia. Os documentos de renuncia do delegado ou delegada titular deberán ir asinados por eles.
No caso de máis dunha lista para a elección de delegados e delegadas, enténdese que as delegadas e delegados suplentes o serán por cada unha delas.

CONFERENCIA CONGRESUAL DA SSI DA ONCE

As persoas elixidas delegadas para asistiren ao congreso serán debidamente convocadas pola Comisión Xestora.

A orde do día do congreso será:

- Lectura do Regulamento e Orde do día Da Conferencia Congresual.
- Elección Comisión Executiva da SSI da Once de Galicia.
- Elección da secretaría xeral da SSI da Once de Galicia.

O desenvolvemento do Congreso será do seguinte xeito:

Ao inicio de congreso presidirá a mesa a Comisión Xestora, que saudará ás persoas asistentes e dará lectura ao regulamento e orde do día aprobados pola Comisión Xestora.

A mesa do Congreso estará composta por tres membros, un membro da Comisión Xestora, máis dous membros nomeada por cada unha da delegación de maior afiliación: A Coruña + Ferrol e a de Mariña + Lugo + Ourense.

A mesa elixirá entre os seus membros as persoas que desempeñen as funcións de presidenta e secretaria. A presidencia terá como función moderar o debate, establecer tempos para as distintas intervencións e someter os distintos temas a votación.

Para o funcionamento do Congreso nomearase as comisións que se relacionan, que terán as competencias que se establecen nas normas xerais, e que a presidencia irá poñendo en funcionamento ao longo do congreso:

Comisión Técnica: Para a celebración dos congresos, a comisión xestora nomeará unha comisión técnica que contará coa asistencia necesaria da comisión xestora, da que dependerá ata a constitución da mesa do congreso. As súas funcións son as establecidas na norma Octava das Normas do III Congreso da FSC.

Comisión de Candidaturas: estará composta por 3 persoas distribuídas: 1 da delegación de A Coruña + Ferrol, 1 de la delegación de Pontevedra + Arousa e 1 da delegación de Mariña + Lugo + Ourense.



As conclusións das Comisións recolleranse en acta.

Os debates do Congreso terán lugar en sesión plenaria, agás os das comisións relacionadas, que trasladarán as súas conclusións ao plenario no modo que se determine no regulamento.

As impugnacións relacionadas co proceso congresual atenderanse segundo o disposto nas normas aprobadas polo FSC CCOO Estatal e a Confederación Sindical de CCOO.

Do Congreso redactarase a acta correspondente no prazo de dous días, que será remitida á Secretaría de organización da SSI da Once Estatal e a Secretaria de Organización da FEDERACIÓN DE SERVICIOS A CIDADANIA nun prazo máximo de dous días.

DISPOSICIÓN FINAIS:

Primeira: O non disposto neste documento, rexerase polo establecido nas normas aprobadas polo Consello da FSC CCOO Estatal e polo Consello Confederal para o 11º Congreso.

Segunda: Porase a disposición da afiliación un censo que estará depositado na Comisión Xestora SSI da Once de Galicia

Terceira: A Comisión Xestora SSI da Once aprobará o regulamento interno e o horario do congreso.